

*IES ARCEBISPO XELMIREZ II*

**PROGRAMACIÓN PARA O CURSO 2022-  
2023**

**2º de ESO, 4º DE ESO, 2º DE BACHARELATO**

*DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA*

Santiago de Compostela

## Índice de contenido

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
Centro.....	3
Alumnado.....	3
Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado.....	4
Obxectivos da educación secundaria obrigatoria.....	4
Obxectivos do bacharelato.....	5
Reparto dos grupos entre o profesorado da materia.....	5
CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	6
CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO.....	6
Lingua castelá e literatura 2º de ESO.....	6
Lingua castelá e literatura 4º de ESO.....	7
Lingua castelá e literatura 2º Bacharelato.....	8
Obradoiro de comunicación escrita. 2º Bacharelato.....	9
CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:.....	10
Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	10
TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO 2º ESO.....	10
TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO 4º ESO.....	22
TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO 2ºBac. LCL.....	46
TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO 2º DE BAC. OBRADOIRO DE COMUNICACIÓN ESCRITA (MATERIA PROPIA DE CENTRO).....	60
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS. Currículo integrado das linguas.....	68
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	71
CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	73
CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	73
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	76
DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.....	77
ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	77
ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS.....	78
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	78
CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.....	79
AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	79
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	81
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.....	81

# INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## Centro

O I.E.S. Arcebispo Xelmírez II é un centro que está situado na zona norte de Santiago, fronte ao complexo administrativo de San Caetano. A súa principal zona de influencia son os barrios de Vite e Vista Alegre, ata Xoán XXIII (Rúa do Avío, Vista Alegre, As Salvadas, Entrerriós, Costa Vella, Hospitalillo, As Rodas, Rúa de San Pedro, Rúa Concheiros, Avda. de Lugo e Cruceiro da Coruña). Recibe tamén alumnado de Salgueiriños, As Cancelas, Meixonfrío e Fontiñas, que comparte con outros centros, así como dos núcleos de poboación rural da zona norte de Santiago. No 1º curso do Bacharelato, o alumnado procede maioritariamente do propio centro, do IES de Oroso, do CPI Viaño Pequeno de Trazo, de outros centros públicos e privados de Santiago e, en pequeno número, de outros lugares de dentro e fora da comunidade. No resto dos cursos, a incorporación de alumnado procedente doutros centros non deixa de ser anecdótica.

A construción deste centro, no ano 1984, respondeu á cobertura das necesidades da zona norte da cidade, a raíz do traslado do antigo Instituto de Bacharelato Arcebispo Xelmírez, situado no actual complexo administrativo de San Caetano. O antigo Instituto de Bacharelato desdoubrouse no IES Arcebispo Xelmírez I, situado na zona sur da cidade, e no noso centro, que quedou localizado preto do seu primeiro enclave, na rúa dos Irmandiños. Esta rúa transcorre paralela á avenida do Cruceiro da Coruña no seu derradeiro tramo, ó lado da praza de España, moi preto da sede da Xunta de Galicia en San Caetano e fronte ó barrio de Guadalupe e o parque Pablo Iglesias. A concentración de edificios administrativos na contorna do centro (ademais do complexo de San Caetano, a sede da Axencia Tributaria ou a APLU), promoveron unha serie de actuacións urbanísticas que habilitaron novos espazos residenciais e atraeron poboación doutras zonas da cidade.

## Alumnado

Como resultado deste proceso e tamén de novas adscricións de centros de primaria, o perfil do alumnado foi variando nos últimos anos. Nos anteriores documentos programáticos do centro caracterízase o alumnado do Arcebispo Xelmírez II como fundamentalmente rururbano ou rural, e con un estatus sociocultural e económico medio-baixo. Aínda que parte do alumnado ten esta procedencia, no momento actual compre reconsiderar estes tópicos, sobre todo no que respecta ao estatus sociocultural das familias, con predominio da clase media e ao nivel de estudos dos pais, tendo aumentando considerablemente o número dos que posúen formación universitaria. Isto inflúe nas expectativas das familias cara a educación dos seus fillos.

O que segue a ter un peso importante na configuración da comunidade educativa é o alumnado asignado pola comisión de escolarización, que supera nos últimos anos o 10% do total. O perfil deste alumnado é moi variable e cambia cada curso académico, o que dificulta o deseño previo dos proxectos educativos e calquera outra actuación. É frecuente que nunha porcentaxe significativa presenten necesidades educativas específicas, ás que o centro non pode responder de maneira adecuada por falta de recursos e de persoal específico de apoio. Compre tamén salientar, como consecuencia desta asignación de alumnado que non sempre pertence á área de influencia do centro, o impedimento do goce de determinados dereitos, como o transporte escolar gratuíto ou a dificultade para participar en actividades complementarias e extraescolares. Por outra parte,

prodúcese con frecuencia a concentración de alumnado pertencente de minorías étnicas e culturais o que, segundo conclúen múltiples estudos, xera un efecto negativo sobre a adquisición de determinadas competencias.

## **Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado**

### **Obxectivos da educación secundaria obrigatoria**

O artigo 10 do Decreto 86/2015 explicita os obxectivos que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas. De entre eles (aparecen a continuación as letras que identifican eses obxectivos no decreto), as profesoras deste Departamento didáctico, en relación coas materias do departamento e polo coñecemento que temos do noso alumnado, consideramos importante incidir no traballo co alumnado para desenvolver as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

## **Obxectivos do bacharelato**

Polo que atinxe aos obxectivos do bacharelato, presentamos a continuación, coa referencia de orde en que aparecen no devandito decreto, os obxectivos seleccionados pola relación coas materias do departamento e polo coñecemento que temos do noso alumnado. Consideramos importante incidir no traballo co alumnado de bacharelato para desenvolver as capacidades que lles permitan (aparecen a continuación as letras que identifican eses obxectivos no decreto):

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

## **Reparto dos grupos entre o profesorado da materia**

-Lcl 2º de ESO- Lingua castelá e literatura- Profesores: Virginia Lago, Begoña Louzao, Ana López-Felpeto

- 2º ESO- Reforzo para alumnado exento de 2ª lingua estranxeira- Prof. Loaira Sánchez, Ana Mosquera.

-4º de ESO- Lingua castelá e literatura- Profesora: Loaira Sánchez

-2º de Bacharelato- Lingua castelá e literatura- Profesores: Virginia Lago, Begoña Louzao/ Xulio de Santiago

## CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Véxase a columna CC (= competencias clave) na táboa de criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis que aparece no apartado 4 desta programación didáctica.

## CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

Figuran a continuación os obxectivos xerais de etapa coa concreción, en letra negra, dos aspectos nos que se incidirá especialmente en cada un dos cursos e materias deste departamento.

(a denominación con letras dos diferentes obxectivos é a que aparece no devandito Decreto)

### Lingua castelá e literatura 2º de ESO

a) **Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes**, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e **consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo**, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) **Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición**

**ou circunstancia persoal ou social.** Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como **rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.**

e) **Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico.**

h) **Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.**

l) Coñecer, **valorar** e respectar **os aspectos básicos da cultura** e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

## Lingua castelá e literatura 4º de ESO

a) **Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.**

b) Desenvolver e **consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo,** como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. **Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.**

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como **rexear a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.**

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para **adquirir novos coñecementos con sentido crítico.**

**h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.**

**l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.**

n) **Desenvolver a sensibilidade** artística e **literaria**, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

## **Lingua castelá e literatura 2º Bacharelato**

b) **Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos** persoais, familiares e sociais.

d) **Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.**

e) **Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.**

m) **Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.**

n) **Desenvolver a sensibilidade** artística e **literaria**, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.



## Obradoiro de comunicación escrita. 2º Bacharelato

- e) **Dominar**, tanto na súa expresión oral como **na escrita**, a lingua galega e **a lingua castelá**.
- m) **Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico**.

## CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

### Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación

Figuran a continuación os instrumentos e procedementos de avaliación para cada un dos cursos e materias deste departamento. No apartado de instrumentos e procedementos aparecen mencionados de forma xenérica os máis utilizados en cada caso: textos escritos (= comentarios de textos literarios, análise e valoración de textos xornalísticos, corrección de erros en textos dados...), diario de clase (= constatación no caderno de clase do profesor das intervencións do alumno,-a na aula), etc. A temporalización prevista inicialmente aparece na columna T1-T2-T3, correspondente a cada un dos tres trimestres do curso. Esta concreción, que se elabora antes de comenzado o curso, pode sufrir axustes para adaptarse ás peculiaridades de cada grupo.

## TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO 2º ESO

<b>CURSO</b>	2º		
<b>NIVEL</b>	ESO	<b>ÁREA</b>	Lingua castelá e literatura (LCL)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
LCL-B1.1	2º-LCLB1.1.1 - Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito	Comprende o sentido global de textos orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Asamblea.	CCL

	persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.						
LCL-B1.1	2º-LCLB1.1.2 - Retén información relevante e extrae informacións concretas.	Retén información relevante	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CCL
LCL-B1.1	2º-LCLB1.1.3 - Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada.	Segue e interpreta instrucións orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
LCL-B1.2	2º-LCLB1.2.1 - Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descriptiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.	Comprende o sentido global de textos orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Asamblea.	CCL
LCL-B1.2	2º-LCLB1.2.2 - Retén información relevante e extrae informacións concretas.	Retén información relevante e extrae informacións concretas	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Diario de clase.	CCL
LCL-B1.2	2º-LCLB1.2.3 - Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados	Utiliza instrumentos para localizar significados de palabras ou expresións	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA

	para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).						
LCL-B1.2	2º-LCLB1.2.4 - Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.	<b>Resume textos recollendo as ideas principais</b>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resumo.</p>	CCL, CAA
LCL-B1.3	2º-LCLB1.3.1 - Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	Analiza as intervencións de participantes nun debate	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Asamblea.</p>	CCL, CSC
LCL-B1.4	2º-LCLB1.4.1 - Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	Valora a adecuación de discursos orais	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea. Diario de clase.</p>	CSIE

LCL-B1.4	2º-LCLB1.4.2 - Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos e da linguaxe non verbal	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Diario de clase.	CD
LCL-B1.4	2º-LCLB1.4.3 - Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	Recoñece os erros da produción oral propia e allea e propón solucións de mellora	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CAA
LCL-B1.5	2º-LCLB1.5.1 - Realiza presentacións orais.	Realiza presentacións orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL
LCL-B1.5	2º-LCLB1.5.2 - Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	Realiza intervencións non planificadas dentro da aula diferenciando discursos formais e espontáneos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CSC
LCL-B1.5	2º-LCLB1.5.3 - Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
LCL-B1.5	2º-LCLB1.5.4 - Pronuncia con corrección e claridade, modulando e	Pronuncia con corrección e claridade	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.	CCL

	adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.					INSTRUMENTOS: Asamblea.	
LCL-B1.6	2º-LCLB1.6.1 - Cínguese ao tema, non divaga e atende as instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios.	Atende as instrucións do moderador,-a en debates e coloquios	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
LCL-B1.6	2º-LCLB1.6.2 - Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e despedida.	Respecta as normas de cortesía nas conversas orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL, CSC
LCL-B2.1	2º-LCLB2.1.1 - Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto.	<b>Pon en práctica diferentes estratexias de lectura</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva.	CCL
LCL-B2.1	2º-LCLB2.1.2 - Comprende o significado das palabras propias de nivel formal da lingua e incorpóraas ao seu repertorio léxico.	<b>Comprende o significado de palabras do nivel formal da lingua</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CCL
LCL-B2.1	2º-LCLB2.1.3 - Relaciona a información explícita e implícita dun texto, e pon a en relación co contexto.	<b>Recoñece a información explícita e implícita dun texto</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Diario de clase.	CCEC
LCL-B2.1	2º-LCLB2.1.4 - Deduce a	<b>Diferencia non texto idea</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.	CCL

	idea principal dun texto e reconece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.	<b>principal e secundarias</b>				INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	
LCL-B2.1	2º-LCLB2.1.5 - Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña diferentes matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.	<b>Capta matices semánticos</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CMCT
LCL-B2.2	2º-LCLB2.2.1 - Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas.	Localiza informacións explícitas e implícitas nun texto	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CCL
LCL-B2.2	2º-LCLB2.2.2 - Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.	<b>Interpreta información dada en diagramas, gráficas, esquemas, etc.</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CMCT
LCL-B2.3	2º-LCLB2.3.1 - Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. Textos escritos.	CD

LCL-B2.3	2º-LCLB2.3.2 - Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	É capaz de solicitar autónomamente libros en bibliotecas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: INSTRUMENTOS:	CD
LCL-B2.4	2º-LCLB2.4.1 - Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.	Fai borradores de escritura	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSIE
LCL-B2.4	2º-LCLB2.4.2 - Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	<b>Escribe textos respectando as normas ortográficas</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL
LCL-B2.5	2º-LCLB2.5.1 - Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.	<b>Escribe textos propios do ámbito persoal ou escolar imitando textos modelo</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL
LCL-B2.5	2º-LCLB2.5.2 - Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.	<b>Escribe textos narrativos, descritivos e dialogados imitando textos modelo</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCEC



LCL-B2.5	2º-LCLB2.5.3 - Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	<b>Explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.</b>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	CMCT, CD
LCL-B3.1	2º-LCLB3.1.1 - Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	<b>Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais</b>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Traballo de aplicación e síntese. Proba obxectiva.</p>	CCL
LCL-B3.1	2º-LCLB3.1.2 - Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	<b>Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais</b>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado. Proba obxectiva. Proba aberta.</p>	CCL
LCL-B3.1	2º-LCLB3.1.3 - Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	<b>Coñece as formas verbais</b>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado. Proba obxectiva.</p>	CCL
LCL-B3.2	2º-LCLB3.2.1 - Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras	<b>Diferencia os significados denotativos e connotativos</b>		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado. Proba obxectiva.</p>	CCL

	dentro dunha frase ou un texto oral ou escrito.						
LCL-B3.3	2º-LCLB3.3.1 - Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra, e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.	<b>Recoñece sinónimos e antónimos</b>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado. Proba obxectiva.</p>	CCL
LCL-B3.4	2º-LCLB3.4.1 - Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito.	<b>Recoñece os conceptos metáfora e metonimia</b>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.</p>	CCEC
LCL-B3.4	2º-LCLB3.4.2 - Recoñece e explica os fenómenos contextuais que afectan o significado global das palabras: tabú e eufemismo.	<b>Recoñece os conceptos tabú e eufemismo</b>		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado. Proba obxectiva.</p>	CCEC
LCL-B3.5	2º-LCLB3.5.1 - Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto.	<b>Recoñece, usa e explica os conectores textuais, as substitucións pronominais e o concepto de hiperonimia</b>		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado. Proba obxectiva.</p>	CCL

LCL-B3.6	2º-LCLB3.6.1 - Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais.	<b>Explica o uso dos tempos e modos verbais</b>		X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL
LCL-B3.7	2º-LCLB3.7.1 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evita estereotipos lingüísticos e culturais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
LCL-B3.8	2º-LCLB3.8.1 - Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia.	Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
LCL-B3.9	2º-LCLB3.9.1 - Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	Utiliza os coñecementos lingüísticos adquiridos en varias mateiras lingüísticas	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA
LCL-B4.1	2º-LCLB4.1.1 - Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos	Le e comprende obras literarias	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. Proba obxectiva.	CCL

	seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.					Textos escritos.	
LCL-B4.2	2º-LCLB4.2.1 - Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	Observa a relación entre as manifestacións artísticas de todas as épocas	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCEC
LCL-B4.2	2º-LCLB4.2.2 - Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	<b>Coñece a sucesión de períodos literarios</b>			X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CAA
LCL-B4.3	2º-LCLB4.3.1 - Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	Fala na clase dos libros	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL, CSC
LCL-B4.3	2º-LCLB4.3.2 - Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	Le en voz alta con expresividade	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL
LCL-B4.4	2º-LCLB4.4.1 - Redacta	Redacta textos de intención	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CCL,

	textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	literaria				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCEC
LCL-B4.4	2º-LCLB4.4.2 - Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	Desenvolve o gusto pola escritura	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CAA

## TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO 4º ESO

<b>CURSO</b>	4º		
<b>NIVEL</b>	ESO	<b>ÁREA</b>	Lingua castelá e literatura (LCL)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
LCL-B1.1	4º-LCLB1.1.1 - Comprende o sentido global de textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo e laboral, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.	Comprende o sentido global de textos orais	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Diario de clase.</p>	CCL
LCL-B1.1	4º-LCLB1.1.2 - Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	Analiza fontes de procedencia non verbal	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CCL
LCL-B1.1	4º-LCLB1.1.3 - Retén información relevante e extrae informacións concretas.	Retén información relevante	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Diario de clase.</p>	CCL

LCL-B1.1	4º-LCLB1.1.4 - Distingue as partes en que se estruturan as mensaxes orais e a relación entre discurso e contexto.	Distingue a estrutura de mensaxes orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Cuestionario aberto.	CCL
LCL-B1.1	4º-LCLB1.1.5 - Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación, e entre información e persuasión en mensaxes publicitarias orais, identificando as estratexias de enfatización e expansión.	Distingue entre información e opinión	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CCL
LCL-B1.1	4º-LCLB1.1.6 - Segue e interpreta instrucións orais.	Segue instrucións orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
LCL-B1.2	4º-LCLB1.2.1 - Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.	Comprende o sentido global de textos orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
LCL-B1.2	4º-LCLB1.2.2 - Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	Analiza fontes de procedencia non verbal	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL

LCL-B1.2	4º-LCLB1.2.3 - Retén información relevante e extrae informacións concretas.	Retén información relevante	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea.</p>	CAA
LCL-B1.2	4º-LCLB1.2.4 - Interpreta e valora aspectos concretos do contido de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular.	<b>Emitir xuízos razoados sobre textos</b>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	CAA, CCL
LCL-B1.2	4º-LCLB1.2.5 - Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, busca en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	Utiliza instrumentos adecuados para localizar significados	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CD
LCL-B1.2	4º-LCLB1.2.6 - Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.	<b>Resume textos recollendo as ideas principais</b>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resumo.</p>	CAA
LCL-B1.3	4º-LCLB1.3.1 - Escoita,	Interpreta o sentido global de	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos</p>	CSC



	observa e interpreta o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os espontáneos.	debates e coloquios				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	
LCL-B1.3	4º-LCLB1.3.2 - Recoñece e explica as características da linguaxe conversacional (cooperación, espontaneidade, economía e subxectividade) nas conversas espontáneas.	Recoñece as características da linguaxe conversacional	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CCL
LCL-B1.3	4º-LCLB1.3.3 - Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate, coloquio ou conversa espontánea tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	Analiza as intervencións de cada participante nun debate	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CCL
LCL-B1.3	4º-LCLB1.3.4 - Identifica o propósito, a tese e os	Identifica a tese dos participantes en debates e entrevistas	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.	CCL

	argumentos das persoas participantes en debates, faladoiros e entrevistas procedentes dos medios de comunicación audiovisual, valorando de forma crítica aspectos concretos da súa forma e o seu contido.					INSTRUMENTOS: Asamblea.	
LCL-B1.3	4º-LCLB1.3.5 - Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.	Asume as regras de interacción que regulan os intercambios comunicativos orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CSC
LCL-B1.4	4º-LCLB1.4.1 - Coñece o proceso de produción de discursos orais e valora a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	Coñece o proceso de produción de discursos orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CCL
LCL-B1.4	4º-LCLB1.4.2 - Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume, etc.) a ollada, a colocación, a linguaxe corporal, a xestión de tempos e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos nos discursos orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CCL
LCL-B1.4	4º-LCLB1.4.3 - Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica	Recoñece os erros da produción oral	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CAA

	habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.						
LCL-B1.5	4º-LCLB1.5.1 - Utiliza e valora a lingua como un medio para adquirir, procesar e transmitir novos coñecementos, para expresar ideas e sentimentos, e para regular a conduta.	Valora a lingua como medio de comunicación e expresión	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea.</p>	CCL
LCL-B3.3	2º-LCL2B3.3.2 - Recoñece, analiza e	<b>Recoñece as relacións semánticas entre as palabras</b>		X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.	CCL

	interpreta as relacións semánticas entre as palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia) como procedemento de cohesión textual.	<b>(sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia)</b>				INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	
LCL-B3.4	2º-LCL2B3.4.1 - Recoñece as estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada.	<b>Recoñece as estruturas sintácticas</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CCL
LCL-B3.5	2º-LCL2B3.5.1 - Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes.	<b>Enriquece os seus textos incorporando estruturas sintácticas variadas</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL
LCL-B3.5	2º-LCL2B3.5.2 - Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora dos propios textos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CSIEE
LCL-B3.6	2º-LCL2B3.6.1 -	Analiza e <b>explica as</b>		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CCL

	Recoñece, analiza e explica as características lingüísticas e os recursos expresivos de textos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa, e utilizando a análise para afondar na comprensión do texto.	<b>características lingüísticas e os recursos expresivos de textos</b>				alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba obxectiva.	
LCL-B3.6	2º-LCL2B3.6.2 - Aplica os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.	Aplica os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos relacionando os usos lingüísticos coa intención comunicativa do emisor	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Análise de texto	CSIEE
LCL-B3.6	2º-LCL2B3.6.3 - Recoñece e explica os procedementos de inclusión do emisor e do	<b>Recoñece os procedementos de inclusión do emisor e do receptor no texto.</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CCL



	receptor no texto.						
LCL-B3.6	2º-LCL2B3.6.4 - Recoñece e explica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos.	<b>Recoñece as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos.</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CCL
LCL-B3.6	2º-LCL2B3.6.5 - Recoñece, explica e utiliza os procedementos de cita.	Recoñece os procedementos de cita.		X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CCL
LCL-B3.6	2º-LCL2B3.6.6 - Revisa textos escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando as súas incorreccións (concordancias, réxime verbal, ambigüidades sintácticas, coloquialismos, etc.), con criterios gramaticais e terminoloxía apropiada, co obxecto de mellorar a expresión escrita e avanzar na aprendizaxe autónoma.	<b>Revisa textos escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando as súas incorreccións</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CAA
LCL-B3.7	2º-LCL2B3.7.1 - Recoñece, explica e utiliza en textos propios e alleos as formas de estruturar os textos expositivos e argumentativos.	<b>Recoñece, en textos propios e alleos, as formas de estruturar os textos expositivos e argumentativos.</b>		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL
LCL-B3.8	2º-LCL2B3.8.1 - Expresa as súas experiencias de lectura de obras de diferente tipo, xénero, etc., e as súas experiencias persoais en relación co novo texto, para chegar a unha mellor comprensión e	Expresa as súas experiencias de lectura	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Textos escritos.	CCL

	interpretación deste.						
LCL-B3.9	2º-LCL2B3.9.1 - Coñece a situación actual da lingua española no mundo diferenciando os usos específicos da lingua no ámbito dixital.	Coñece a situación actual da lingua española no mundo			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CSC
LCL-B3.9	2º-LCL2B3.9.2 - Coñece as orixes históricas do español en América e as súas principais áreas xeográficas, recoñecendo nun texto oral ou escrito algúns dos trazos característicos e valorando as súas variantes.	Recoñece nun texto oral ou escrito algúns dos trazos do español de América			X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CSC
LCL-B3.10	2º-LCL2B3.10.1 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CAA
LCL-B3.11	2º-LCL2B3.11.1 - Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a	<b>Utiliza os coñecementos lingüísticos desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.</b>			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA

	comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.						
LCL-B4.1	2º-LCL2B4.1.1 - Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras máis representativas.	<b>Desenvolve por escrito as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras máis representativas.</b>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba obxectiva.</p>	CCEC
LCL-B4.2	2º-LCL2B4.2.1 - Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence.	<b>Analiza textos literarios de obras do século XX ata os nosos días relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence</b>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.Comentario de textos</p>	CCEC
LCL-B4.2	2º-LCL2B4.2.2 - Compara textos de diferentes épocas, e describe a evolución de temas e formas.	Compara textos de diferentes épocas	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba obxectiva.</p>	CCEC
LCL-B4.3	2º-LCL2B4.3.1 - Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativos da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu	<b>Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativos da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto artístico</b>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.Comentario de textos</p>	CSC

	contexto histórico, artístico e cultural.						
LCL-B4.4	2º-LCL2B4.4.1 - Desenvolve por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade, coherencia e corrección, e achegando unha visión persoal.	<b>Desenvolve por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba obxectiva.	CCL
LCL-B4.5	2º-LCL2B4.5.1 - Le textos informativos en papel ou en formato dixital sobre un tema do currículo de literatura do século XX ata os nosos días, extraendo a información relevante para ampliar coñecementos sobre o tema.	Le textos informativos en papel ou en formato dixital sobre un tema do currículo de literatura do século XX ata os nosos días, extraendo a información relevante	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións do alumnado. Probas específicas. INSTRUMENTOS: probas obxectivas	CAA

## TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO 2º DE BAC. OBRADOIRO DE COMUNICACIÓN ESCRITA (MATERIA PROPIA DE CENTRO)

Dado o carácter eminentemente práctico desta materia os **contidos expostos traballaranse nos tres trimestres do curso**. Por tratarse dunha materia cunha carga horaria moi reducida (unha hora semanal) os **instrumentos e procedementos de avaliación** serán primordialmente as intervencións do alumnado na aula e as súas producións escritas dentro e fóra dela, e unha proba obxectiva por trimestre, co procedemento de avaliación e recuperación indicado nos apartados “Criterios de avaliación” e “Criterios de cualificación” desta programación. En letra negra aparece o grao mínimo para superar a área.

**Bloque 1. Fases de composición dun texto: propósito, destinatario, ordenación de ideas e tipo de texto.**

Obxectivos *	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Competencias clave
-e	B 1.1-Tipoloxía textual segundo a estrutura do código lingüístico : descrición, narración, diálogo, exposición, argumentación	B1.1- Recoñecer as tipoloxías textuais segundo a estrutura do código lingüístico	B1.1.1- Clasifica e caracteriza textos de diferentes tipoloxías segundo a estrutura do código lingüístico. B1.1.2- Completa esquemas de texto dun tipo predeterminado.	<b>-Clasifica textos de diferentes tipoloxías.</b> <b>-Completa esquemas de texto</b>	-CCL
-e	B1.2-Tipoloxía textual segundo a intencionalidade do emisor: textos informativos,	B1.2.- Recoñecer as tipoloxías textuais segundo a	B1.2.1- Clasifica e caracteriza textos de diferentes	<b>-Interpreta anuncios impresos</b>	-CC-

	explicativos, persuasivos, prescriptivos, expresivos, divulgativos, propagandísticos, lúdicos, estéticos, didácticos.	intencionalidade.	tipoloxías segundo a intencionalidade. B1.2..2- Completa esquemas de texto dun tipo predeterminado. B1.2.3- Interpreta anuncios impresos identificando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir ao receptor, e valora críticamente a forma e o contido.		
--	---	-------------------	---	--	--

**Bloque 2.- Erros gramaticais máis frecuentes.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Competencias clave
-e	B2.1.-Erros morfolóxicos máis frecuentes: erros na conxugación, nos posesivos, nos demostrativos...	B2.1.- Recoñecer e evitar os erros morfolóxicos máis frecuentes.	B2.1- Localiza erros de tipo morfolóxico nun texto.	<b>-Localiza erros morfolóxicos</b>	-CCL
-e	B2.2.-Erros sintácticos máis frecuentes: incorreccións nas construcións impersonais, dequeísmo, correlación de tempos nas oracións condicionais...	B2.2- Recoñecer e evitar os erros sintácticos máis frecuentes.	B2.2- Localiza erros de tipo sintáctico nun texto.	<b>-Localiza erros de tipo sintáctico</b>	-CCL

**Bloque 3.- A presentación. Os diferentes formatos.**

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Competencias clave
-e -g	3.1-A presentación dos textos escritos: marxes, epígrafes e títulos, índices, notas a pe de páxina...	3.1-Realizar exposicións escritas con corrección formal en formato manuscrito	3.1.-Atende na presentación de textos manuscritos ás normas de presentación no relativo a marxes, epígrafes, títulos, índice...	<b>-Atende na presentación de textos manuscritos ás normas de presentación no relativo ás marxes</b>	-CCL
-g	3.2- Os programas informáticos de tratamento de textos.	3.2-Realizar exposicións escritas con corrección formal en formato dixital.	3.2--Atende na presentación de escritos en formato dixital ás normas de presentación no relativo a marxes, epígrafes, títulos, índice...	-Atende na presentación de escritos en formato dixital ás normas de presentación no relativo a epígrafes	-CCL -CD

#### Bloque 4.- Construcción de textos de tipoloxía diversa.



Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Competencias clave
-e	B4.1-Produción de textos expositivos escritos do ámbito académico.	B4.1- Desenvolver por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, utilizando os recursos expresivos adecuados ás condicións da situación comunicativa.	B4.1.11.Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.	<b>-Desenvolve por escrito un tema con corrección ortográfica e gramatical</b>	-CCL
			B4.1.2-Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa, empregando un	<b>-Emprega o léxico adecuado á situación comunicativa</b>	-CCL

			léxico preciso e especializado e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín.		
			B4.1.3- Avalía as súas propias producións escritas e as dos seus compañeiros, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma.	<b>-Recoñece erros estruturais e expresivos</b>	-CCL -CAA
-e	B4.2-Produción de textos informativos e de opinión.		B4.2-.Produce textos dos diferentes subxéneros informativos e de opinión.	<b>-Produce textos informativos e de opinión</b>	-CCL
-e	B4.3-	B4.3-Realizar	B4.3.1-Planifica	<b>-Organiza a</b>	-CCL

-g	Procedementos para a obtención, tratamento e avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais.	traballos de investigación sobre temas do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural planificando a súa realización, obtendo a información de fontes diversas e utilizando as TICs para a súa realización.	a realización de traballos de investigación fixando obxectivos e organizando a información en función dunha orde predefinida.	<b>información en función dunha orde predefinida</b>	-CD
			B4.3.2-Utiliza as TICs para documentarse, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas-resumo.	-Utiliza as TICs para documentarse e elabora fichas-resumo	-CD -CCL
			B4.3.3-Respecta as normas de presentación de traballos escritos:organización en epígrafes, procedementos	-Presenta traballos organizados en epígrafes e con bibliografía	-CCL -CD

			de cita, notas a pe de páxina, bibliografía.		
			B4.3.4.Revisa o proceso de escritura para mellorar o produto final e chega a conclusións persoais.	<b>-Chega a conclusións persoais</b>	-CCL -CD

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS. Currículo integrado das linguas.

A metodoloxía deberá comprender e dar a importancia que merecen tanto aos aspectos teóricos como aos prácticos así como incidir no desenvolvemento da capacidade do alumnado de aprender por si mesmo e da transferencia e aplicación do aprendido. A competencia lingüística e a competencia para aprender a aprender son básicas nesta materia, polo que a actividade na aula vaise centrar no traballo con textos orais e escritos (comprensión e expresión) especialmente no primeiro ciclo de secundaria, na autoavaliación e progresiva corrección dos erros, e no traballo fóra da aula como unha continuidade que fomente a autonomía persoal e a responsabilidade da propia aprendizaxe. As actividades e traballos propostos para realizar na casa consideraranse práctica para afianzar coñecementos e destrezas, que serán calificadas nas correspondentes probas escritas. Compre sinalar que, especialmente nos cursos de Bacharelato, será práctica metodolóxica frecuente sinalar ao alumnado contidos que deben ler na casa para despois plantexar na aula dúbidas concretas, de xeito que se poda adicar suficiente tempo á aplicación práctica dos mesmos.

---

En relación ao anterior, consideramos moi importante que o alumnado teña unha actitude consciente da súa necesaria implicación e responsabilidade no proceso de ensino-aprendizaxe, e, fundamental nesta materia, da continuidade dos contidos nos diferentes cursos, de xeito que o traballo autónomo deberá ser progresivamente maior a medida que se lle supón ao alumnado a adquisición das destrezas traballadas nos cursos anteriores. Por outra banda, insistiremos na necesidade do traballo cotiá e a atención aos aspectos que requiren práctica constante para evitar memorización innecesaria e contraproducente nos momentos previos ás probas escritas.

Estas liñas metodolóxicas serán concretadas coas necesarias adaptacións para atender a diversidade do alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Se se deran neste curso circunstancias relacionadas coa covid-19 que impidisen o seguimento ou realización de clases presenciais a aula virtual de cada materia sería o lugar de encontro de profesorado e alumnado para a actividade académica.

En relación á proposta de currículo integrado de linguas, o profesorado dos diferentes departamentos de linguas do IES Arcebispo Xelmírez II, acordou, en xuño de 2015, aplicar nas materias correspondentes os aspectos que se detallan de seguido.

## CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS

### **1. Criterios metodolóxicos básicos.**

-Non considerar o coñecemento da gramática como un fin en si mesmo senón como unha ferramenta e non necesariamente a máis importante- para acadar unha maior competencia nas linguas.

-Aproveitar o coñecemento que teña o alumnado do léxico e dos significados das palabras en calquera das linguas do currículo para favorecer a aprendizaxe da lingua que se estea impartindo en cada momento nas aulas.

-Comprometerse en todas as materias de linguas a promover o uso público e oral de cada unha delas entre o alumnado.

-Sumando os coñecementos que o alumnado vaia adquirindo nos sucesivos cursos nas clases das diferentes linguas (grega clásica, latina, galega, castelá, portuguesa, francesa e inglesa) intentar lograr que cando rematen os seus estudos ademais das capacidades nas diferentes linguas, teñan tamén unha visión global do que foi a cultura europea desde hai 3.000 anos (Grecia) e como esta se foi transmitindo e conformando a Europa que hoxe coñecemos, coa súa variedade de linguas e culturas.

## **2. Acordos sobre terminoloxía.**

En xeral, todo o profesorado atenderá á terminoloxía empregada en aspectos como:

-Nomenclatura das unidades morfolóxicas (morfemas, lexemas ....)

-Nomenclatura da análise sintáctica (frase, sintagma, oración...)

-Denominación de recursos estilísticos (antítese/contraste, símil/comparación, imaxe/metáfora, etc.)

\*Hai que ter en conta que o Departamento de Grego se ve obrigado a manexar unha terminoloxía sintáctica tradicional por imperativo do grupo de traballo da CIUG (suxeito, verbo e predicado, complemento directo/indirecto/ circunstancial, oración independente/principal/subordinada, etc.

## **3. Evitar a repetición de contidos.**

Os departamentos implicados irán recollendo nos seguimentos mensuais das respectivas programacións as modificacións introducidas nelas nos aspectos relativos á non repetición de contidos, tras o intercambio de pareceres cos membros do propio departamento e dos outros departamentos.

Débense evitar innecesarias repeticións de contidos e tenderase a un acordo sobre que departamento se fai cargo de cada un dos posibles contidos recorrentes. Especial atención se prestará a estes contidos:

- Características morfolóxicas e sintácticas de cada clase de palabras (substantivos, adxectivos, etc.).
- Teoría e práctica da análise morfolóxica e da análise sintáctica de unidades simples e complexas.
- Características xerais dos xéneros literarios.
- A formación das linguas románicas a partir do latín.
- Linguas en contacto. A situación das linguas en contacto en España.

\*Haberá que ter en conta que non todo o alumnado coincidirá cursando as mesmas materias. Atenderase este criterio á hora de facer un reparto de contidos por cursos e grupos.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Na materia de Lingua castelá e literatura empregárase o libro de texto como guía e referente principal de materiais didácticos, que será complementado con outros materiais aportados pola profesora de cada grupo coa finalidade de atender á diversidade do alumnado do mesmo, a aspectos de actualidade que deben ter presenza na aula ou á necesidade de reforzar determinados contidos. Ademais o alumnado recibirá indicacións sobre páxinas web ou recursos online aos que recurrir en caso de necesitar información que complemente á do libro de texto ( [cvc.cervantes.es](http://cvc.cervantes.es), diccionario online da RAE, [ebiblio.es](http://ebiblio.es), [ciug.gal](http://ciug.gal), etc.). Os libros elexidos son os da editorial Vicens Vives para 2º de ESO e da editorial Casals para 4º de ESO e Bacharelato.

Materiais didácticos importantes para as materias deste departamento son tamén os libros que se propoñen como **lecturas obrigatorias**, que en colaboración co equipo de biblioteca, procuraremos que contén con exemplares dispoñibles na biblioteca do centro; asemade procurarase

---

incentivar a iniciativa do alumnado para recurrir ao préstamo noutras bibliotecas e plataformas dixitais. Para o curso 2022-23 serán os seguintes:

**-Lcl 2º de ESO:**

- A. CHRISTIE, *La ratonera*;  
A. GÓMEZ CERDÁ, *El rostro de la sombra*;
- P. ROCA, *Arrugas*.

**- Lcl 4º de ESO:**

- F. GARCÍA LORCA, *La casa de Bernarda Alba*;
- G. A. BÉCQUER, *Rimas y leyendas*;
- C. STASSI, *Nada (basada en la novela de Carmen Laforet)*.
- 

Con respecto a 2º de Bacharelato, a decisión sobre obras de lectura obrigatoria terá en conta a proposta da comisión encargada da elaboración da proba de acceso á universidade.



# CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua e terá carácter formativo, polo que ao longo do curso o alumnado estará informado dos seus progresos a través de diversos medios, como as correccións das probas escritas, interaccións na aula ou resolución das actividades que se vaian proponendo.

As **datas de realización das probas de avaliación** serán consensuadas entre o profesor,-a e o alumnado do grupo, atendendo a criterios didácticos que incentiven o traballo cotiá e responsable do alumnado, e serán publicadas na aula virtual. A inasistencia debidamente xustificada a algunha das probas escritas dará dereito á repetición da mesma no momento en que o profesor o considere conveniente tendo en conta as circunstancias da inasistencia e do desenvolvemento das clases para o grupo; en caso de non xustificación segundo a normativa vixente a non realización da proba equivalerá a un 0. Unha conducta de engano ou suplantación por calquera medio na realización dunha proba conlevará a cualificación da mesma con 0 puntos, independentemente da porcentaxe de **respostas plasmadas de xeito ilícito**.

Indícanse a continuación as características da avaliación nas diferentes materias e niveis .

## Lingua castelá e literatura. ESO

Realizarase un **mínimo dun exame por avaliación**. O profesorado decidirá os instrumentos de avaliación segundo as características e circunstancias de cada grupo. O alumnado que teña unha calificación inferior a 5 como nota da avaliación (Víd. “redondeo” no apartado “Criterios de cualificación”) deberá realizar unha **proba de recuperación**, á que poderá presentarse tamén o alumnado aprobado que teña intención de mellorar a súa nota .

A nota que figure como cualificación final na **3ª avaliación** será a media aritmética da nota das tres avaliacións (no caso de que o alumno fixese recuperación, a máis alta das dúas), redondeada ao seguinte enteiro a partir do decimal 75.

Para a **convocatoria ordinaria** o **alumnado suspenso na 3ª avaliación** deberá presentarse a unha proba de recuperación valorada sobre 10 puntos e que se considerará aprobada se está cualificada cunha nota superior a 4,75. O **alumnado aprobado na 3ª avaliación** terá a posibilidade de mellorar a súa cualificación coa realización dunha proba escrita ou valoración da actividade realizada con posterioridade á 3ª avaliación, a criterio do profesorado que imparta clase en cada nivel, en función das características do alumnado que se atope nesa situación.

## Lingua castelá e literatura. Bacharelato

Realizaranse **dous exames por avaliación** e a **suma das súas cualificacións será de dez puntos**. Dadas as peculiaridades desta materia os contidos que formaron parte dunha proba- tanto os de tipo lingüístico como os literarios- poderán aparecer en probas sucesivas. As cuestións que se formulen nos exames de 2º curso combinarán a tipoloxía e valoración das mesmas nas probas ABAU coas necesarias adaptacións para incluír preguntas breves sobre determinados contidos xa examinados anteriormente.

Como consecuencia do exposto no parágrafo anterior, a cualificación de aprobado nunha avaliación será indicativo da **recuperación** da anterior se estivese suspenso. Haberá ademais unha **proba final** para o alumnado suspenso na terceira avaliación, á que poderá presentarse voluntariamente o

---

alumnado que desexe mellorar a súa calificación. **A nota da avaliación ordinaria será a da terceira, se é de 5 ou superior, ou a da proba final , para o alumnado que realice a entrega da mesma.** A cualificación obtida na proba final redondeará ao seguinte enteiro a partir do decimal 75.

A cualificación da **convocatoria extraordinaria** obterase dunha proba escrita baremada sobre 10 puntos, na que as cifras a partir do decimal 75 redondearán ao seguinte número enteiro.

## **Obradoiro de comunicación escrita**

Dada a escasa carga horaria da materia, haberá un exame por avaliación e os contidos de cada trimestre poderán preguntarse de forma recorrente en tódolos exames. A cualificación de aprobado nunha avaliación será indicativo da **recuperación** da anterior se estivese suspensa. Haberá ademais unha **proba final** para o alumnado suspenso na terceira avaliación , á que poderá presentarse tamén o alumnado que desexe mellorar a súa calificación. **A nota da avaliación ordinaria será a da terceira, se é de 5 ou superior, ou a da proba final , para o alumnado que realice a entrega da mesma.** A cualificación obtida na proba final redondeará ao seguinte enteiro a partir do decimal 75.

A cualificación da **convocatoria extraordinaria** obterase dunha proba escrita baremada sobre 10 puntos, na que as cifras a partir do decimal 75 redondearán ao seguinte número enteiro.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Detállanse a continuación consideracións importantes comúns a tódolos niveis, que se completan coa aplicación dos criterios de cualificación especificados no apartado correspondente.

- En tódolos exercicios escritos **valorarase a presentación** (caligrafía, uso de marxes, limpeza...) **e a expresión** (léxico axeitado, uso de conectores, ortografía...). As incorreccións neste sentido estarán explicitadas na corrección e teranse en conta na valoración final do exercicio, graduando a súa gravidade segundo nivel e o curso.

- O **aprobado** nunha avaliación ou convocatoria partirá da cualificación de **5 puntos**. A tal efecto considerarase nas tres avaliacións do curso o número resultante das probas de avaliación redondeado ao seguinte enteiro se é o caso segundo se explica no seguinte parágrafo. A nota correspondente á proba final en bacharelato e á proba da convocatoria ordinaria na ESO será o número obtido redondeado ao seguinte número enteiro a partir do decimal 75 (excepción feita das cifras inferiores a 1 nos cursos de ESO, que redondean a 1).

-**Procedemento de “redondeo”**: o profesorado comunicará ao alumnado e consignará no seu caderno de aula as cualificacións sobre 1 punto correspondentes a probas que se realicen na aula ao longo do curso -con aviso previo ou non- e que o alumnado poderá entregar voluntariamente. Ditas probas poden ser respostas -orais ou por escrito- a cuestións relacionadas coa materia tratada en días anteriores, pequenas exposicións orais preparadas polo alumnado, exercicios de expresión escrita, exercicios tipo test ... En caso de ter consignada unha ou varias cualificacións por este procedemento o alumno verá incrementado coa media das mesmas a súa cualificación nas probas do trimestre e pode chegar ao seguinte número enteiro como cualificación da avaliación.

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Nos cursos de ESO realizarase unha avaliación inicial na data fixada pola Xefatura de Estudos, que servirá para detectar alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e para determinar as medidas de apoio ou reforzo necesarias para que poda superar os mínimos esixidos no curso. Para esta avaliación orientativa, ademais da información que poda aportar o Departamento de Orientación o profesorado recabará información durante as primeiras semanas de curso que procederá da observación na aula da actitude do alumno,-a, motivación e competencia para aprender a aprender, así como da súa competencia lectora (lectura individual en voz alta, lectura mental, retención e comprensión da información) e da corrección na expresión escrita.

A partir dos resultados obtidos, o profesorado valorará a necesidade de solicitar apoio do Departamento de orientación.

## ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O seguimento do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores será realizado polo profesorado que imparte clases a este alumnado no curso actual que, de forma presencial ou a través da aula virtual da materia, propondrá a resposta a cuestións do tipo das que aparecerán nas probas escritas.

Para a cualificación na **convocatoria ordinaria en Bacharelato, e 3ª avaliación na ESO** o alumnado terá a posibilidade de realizar un exame da totalidade da materia pendente a finais do mes de xaneiro e, se non acada o aprobado nese exame, terá unha segunda oportunidade no mes de maio. A **data e hora de realización destas probas** para **alumnado de Bacharelato** darase a coñecer coa suficiente antelación, dacordo coa Xefatura de estudos, e segundo se recolle nas Normas de organización e funcionamento do centro, e será pola tarde, fóra do horario lectivo do curso actual. O **alumnado de ESO** realizará a proba na hora de clase da materia, na data que lle será comunicada polo seu profesor,-a .

Para o **alumnado suspenso na convocatoria ordinaria en bacharelato e na terceira avaliación en ESO** haberá unha proba na convocatoria extraordinaria e na ordinaria respectivamente.

O deseño e corrección das probas será realizado polo profesorado do departamento e para o redondeo ao seguinte número enteiro na cualificación terase en conta a **valoración do seu traballo no curso actual** aportada polo profesor,-a que lle imparte clase .

## ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS

(Non procede este apartado nas materias impartidas por este Departamento didáctico)

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- A distribución do alumnado en grupos pequenos, en particular nos primeiros cursos de ESO, e a colaboración dos profesionais do Departamento de orientación (orientadora e profesorado de pedagogía terapéutica) son as medidas coas que contamos para a atención ao alumnado con

necesidades de apoio educativo. Ademais, como é preceptivo, terase en conta a información e recomendacións dos protocolos para atención a alumnado con diagnóstico de tipo psicolóxico tratando de adoptar as medidas que se consideren máis axeitadas para cada alumno en concreto, en función das súas características e evolución personal, en colaboración coa familia e o Departamento de Orientación do centro.

## **CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO**

Os elementos transversais establecidos no currículo para traballar nas diferentes áreas serán tratados nas materias deste departamento a través das lecturas obrigatorias e dos textos que se propoñan na aula para realizar actividades relacionadas coa elaboración e comprensión de textos escritos e orais.

## **AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE**

Na memoria deste Departamento didáctico, que se elabora ao final do curso académico, analizarase o proceso de ensino e a práctica docente coas respostas do profesorado ao cuestionario que figura a continuación, que será tomado como base para a análise de cada item nunha escala de 1 a 4, e coas observacións que se consideren pertinentes.

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e do alumnado.
3. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
4. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con neae.
6. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con neae.
7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
8. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
9. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
10. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
11. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
12. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con neae.
13. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
14. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
15. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
16. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
17. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
18. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.
19. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
20. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
21. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...



## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

A proposta da realización de actividades extraescolares e complementarias valorarase en función da da posibilidade de asistir a conferencias, actividades relacionadas co fomento da lectura, representacións teatrais, etcétera, que o profesorado do departamento considere de interese para o alumnado.

- 

## MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA

- Nos seguimentos da programación que se farán mensualmente e se incluírán como anexo da acta da reunión de departamento faranse constar as modificacións realizadas na aula para adaptar a realidade de cada grupo ao programado inicialmente nesta programación. Asemade, o cuestionario que se inclúe no apartado “Avaliación da práctica docente” deste documento servirá para a reflexión sobre a práctica docente e para facer constar na memoria final os puntos que deben someterse a revisión para o curso seguinte.

Esta Programación Didáctica foi elaborada pola Xefa de departamento coas aportacións e o acordo de tódolos profesores do mesmo.

En Santiago, a 15 de setembro de 2022

Asdo.- Ana Mosquera Barcia.  
Xefa de departamento.